



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/ PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

IDENTIFICACIÓN DA PROPOSTA/ IDENTIFICACIÓN DE LA PROPUESTA			
Ide. Proposta/ Propuesta	Id.	Expediente	Actividade / Procedemento/ Actividad / Procedimiento
PR/2025/250		514/2025	Accións de Carácter Cultural/ Acciones de Carácter Cultural
Órgano Xestor/ Órgano Gestor			
L01270654 / 400 CULTURA			
Finalidade/ Finalidad			
Procedemento Xenérico/ Procedimiento Genérico \ Actuación genérica con fiscalización			
Órgano que Resolve/ Órgano que Resuelve			
Alcaldía			

De conformidade co establecido no art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sen prexuízo da decisión final que adopte o órgano competente, elévase a seguinte proposta de resolución,

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Sendo que vanse levar a cabo a celebración dos premios do entroido 2025 neste municipio Vilalbés

Visto a providencia de alcaldía incorporada a este expediente onde se xustifica que a presente actividade non se encontra regulada pola normativa, e polo tanto a lexislación aplicable virá determinada pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto o informe da animadora sociocultural emitido en data do 13 de febreiro do 2025 onde se informa favorablemente ás pretensións da alcaldía no relativo a premios non solicitados polos beneficiarios





**TEXTO DISPOSITIVO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/ TEXTO
DISPOSITIVO DE LA PROPUESTA DE RESOLUCIÓN**

Examinadas as Bases da convocatoria en relación co concurso, e de conformidade co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pero considerando que, en todo caso, a competencia residual prevista na normativa de réxime local está delegada neste Concello na Xunta de Goberno Local segundo consta la resolución ditada ao efecto con número nº 435 e data do 30 de xuño do 2023, propono:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras do concurso nos termos en que figuran no expediente, e segundo consta no documento asinado pola concelleira delegada en data do 11 de febreiro do 2025 e con código seguro de verificación 7J73GYHS6JTWEL4WR6X9DQZCG, anexas ao presente acto administrativo.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das Bases reguladoras do concurso no Boletín Oficial da Provincia, así coma na sede electrónica do Concello para dar coñecemento das mesmas e posibilitar calquera tipo de observación respecto delas.

TERCEIRO. Aprobar a realización dos premios segundo as disposicións contidas nas bases que rexen o mesmo, así coma aprobar e dispoñer o gasto adherido a esta actuación municipal nos termos indicados no informe de fiscalización incorporado ao expediente a saber: partida 338.48942 e contía total de 5.530€.

CUARTO. O persoal encargado da valoración dos premios será nomeado mediante resolución da Alcaldía e deberá ser publicada na sede electrónica da Corporación cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración das actuacións do entroido. En todo caso, a composición do tribunal poderá ser alterada mediante resolución da Alcaldía debidamente motivada e debido a circunstancias imponderables dos membros do tribunal.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**





Concello de Vilalba

BASES QUE REXERÁN AS AXUDAS ÁS COMPARSAS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2025 DO CONCELLO DE VILALBA

O Concello de Vilalba, ao obxecto de dinamizar e potenciar a participación da poboación, fomentando as relacións interxeracionais e a convivencia harmoniosa entre a cidadanía e o entorno, nos actos do concurso do Entroido 2025, establece as normas reguladoras e as axudas económicas que outorgará ás comparsas e disfraces que interveñan nos actos citados de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.-

A Concellería de Infancia e Xuventude do Concello de Vilalba, organiza o Concurso de disfraces e comparsas 2025 co obxectivo de consolidar como unha festa de tradición popular que potencie a participación da cidadanía, tanto do núcleo urbano como do rural, dunha forma activa e divertida o Entroido, que terá lugar o vindeiro martes, **4 de marzo de 2025** en Vilalba.

SEGUNDA.- Modalidades

As modalidades para o concurso, atendendo ao número de participantes son:

INDIVIDUAL.- Inclúense nesta modalidade, os disfraces formados por 1 só participante e subdivídese en 2 categorías: infantil (ata 14 anos inclusive) e adult@ (de 15 anos en diante).

PARELLAS OU TRÍOS.- Modalidade na que se engloba a participación de 2 ou 3 persoas e subdivídese en 2 categorías: infantil (ata 14 anos inclusive) e adult@ (polo menos un adulto).

GRUPOS.- Estarán encadradas nesta modalidade os grupos formados por **4 ata 8** participantes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si.

COMPARSAS.- Estarán encadradas nesta modalidade os grupos formados por **9 ou máis** participantes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si, subdivídese en 2 categorías:

Infantil (ata 14 anos inclusive). Para que se considere *comparsas infantil*, deberán ir menos da metade de adultos e terán os nenos o peso principal da mesma.

Adultos ou Mixta, conforman unha única categoría na que poderán participar só adultos (de 15 anos en diante) ou ben Mixta (adultos e nenos) Para que se considere *comparsas Mixta*, deberán ir maior número de adultos que de nenos)

No desfile só se poderá participar nunha modalidade co mesmo disface, no caso de incumprimento quedará descalificado.





Concello de Vilalba

TERCEIRA.- Participación

Poderán presentarse ao concurso tódalas persoas, agrupacións ou asociacións que o desexen, ata o mércores 26 de febreiro **ás 14.00h, prazo improrrogable.**

As bases do concurso están dispoñibles na web en <http://www.vilalba.es>, no Taboleiro de anuncios do Concello de Vilalba e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba.

As/os interesados en participar deberán enviar un email paula.vigo@vilalba.es , indicando no asunto do correo a modalidade na que participa, a modo de control de aforo do concurso, cos seguintes datos:

- ___ Datos do/a representante xeral da comparsa/ disfrace (nome e apelidos, tfno. de contacto)
- ___ Nome da Comparsa / disfrace.
- ___ Modalidade a que concursa, (número de participantes).
- ___ Arquivo coa música que necesiten para a actuación, en caso de necesitala.

A orde de desfile farase pública nas redes sociais do Concello luns 3 pola mañá.

CUARTA.- Requisitos

Tódalas modalidades deberán nomear a un representante legal maior de idade, para realizar tódolos trámites. No caso de participantes menores de idade, o representante legal será responsable, en todo momento, dos menores durante o concurso.

Aquelas comparsas que traian estruturas rixidas non desmontables, deberán comprobar que as súas dimensións se adecúan ós 310 cm de ancho. As comparsas que desexen que a organización lles poña a música durante o desfile deberán enviar o arquivo da música, que terá unha duración máxima de 4 minutos, en formato mp3 á seguinte dirección de correo electrónico: paula.vigo@vilalba.es

Non está permitido empregar ningún tipo de artefacto pirotécnico (bengalas, nitróxeno, petardos,.....), así como obxectos cortantes ou líquidos.

QUINTA.- Mecánica do concurso

O concurso terá lugar o martes, **4 de marzo de 2025**, en Vilalba. Os/As participantes no desfile deberán presentarse na explanada da Estación de Autobuses de Vilalba entre as 15.00 e as 16.10h para recoller un distintivo co número e prepararse para o desfile. Este distintivo, identificará a cada participante ou grupo, ademais de indicar a orde para desfilas e por tanto, será obrigatorio levalo nun lugar visible durante todo o desfile. Ás 16.20h o xurado fará unha primeira revisión para coñecer a tódolos participantes. Non estar situado no posto asignado no momento da saída poderá ser motivo para a descualificación do concurso. Ás 16.30h comezará o desfile seguindo a orde de inscrición por modalidade: 1º: MODALIDADE INDIVIDUAL. 2º: MODALIDADE PARELLA OU TRÍO 3º: MODALIDADE DE GRUPOS 4º MODALIDADE DE COMPARSAS.





Concello de Vilalba

Cando as comparsas cheguen á altura do xurado comezará o seu tempo de actuación, que non poderá exceder de 4 minutos. Unha vez finalizado o desfile e trala deliberación do xurado, farase público o resultado no acto de entrega de premios na praza da Constitución.

SEXTA- Xurado O xurado estará formado por 3 persoas de diferentes ámbitos, propostas pola Concellería de Infancia e Xuventude e presidido pola mesma, e como secretario/a, un representante do Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das bases. O xurado á hora de valorar, terá en conta os seguintes criterios por modalidade:

MODALIDADE INDIVIDUAL

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).

MODALIDADE PARELLAS OU TRÍOS

- Confección dos traxes e complexidade, tamén doutros elementos, se os houber (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
 - Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan notoriamente dos 4 minutos, serán penalizadas.

MODALIDADE GRUPOS E COMPARSAS

- Confección dos traxes e complexidade das carrozas (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces e carrozas (de 1 a 5 puntos).
- Número de participantes e a súa composición interxeracional (de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos)

SÉTIMA.- Destínase un crédito máximo de 5.530€ que se imputará á aplicación orzamentaria **338.489.42** do orzamento municipal para as axudas ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes **5.530€** repartiranse de acordo a estes criterios:

PREMIOS			
INDIVIDUAL	PARELLA OU TRÍO	GRUPOS	COMPARSAS
Infantil	Infantil	1º premio: 200€	Infantil:





Concello de Vilalba

PREMIOS			
1º premio: 120€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€ Adulto: 1º premio: 120€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€	1º premio: 150€ 2º premio: 120€ 3º premio: 100€ Adultos 1º premio: 150€ 2º premio: 120€ 3º premio: 100€	2º premio: 150€ 3º premio: 100€	1º premio: 400€ 2º premio: 300€ 3º premio: 200€ Adultos e Mixtas 1º premio: 800€ 2º premio: 650€ 3º premio: 500€

PREMIOS ESPECIAIS COMPARSAS (Infantil ,Adulto e Mixtas) Acumulables a outros premios	_ Máis orixinal (mellor posta en escea, elaboración do disfraz, ...) : 200€ _ Máis simpático (mellor humor, crítica a temas de actualidade, ..) : 200€
--	---

PREMIOS ESPECIAIS PARTICIPACIÓN COMPARSAS NON PREMIADAS	500 € a repartir entre todas as comparsas que participen e non acaden premio, cun máximo de 100€ por comparsa.
--	--

Todos os participantes terán recompensa en forma de merenda.

A non participación no desfile conlevará a exclusión automática da percepción destas axudas.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo concello de Vilalba através dunha **transferencia bancaria**, previamente será necesaria a presentación do certificado con número de conta .

Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

OITAVA.- A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

NOVENA. - Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, tratándose todos os seus datos de acordo aos dereitos establecidos no seu Título III e conforme ao mandato establecido na Constitución Española (art.18), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos e ás restricións concernentes á circulación dos datos persoais achegados polos participantes á





Concello de Vilalba

organización deste concurso.

DÉCIMA.- O Concello de Vilalba, resérvase o dereito a formular cantas modificacións estime oportuno, no tocante a causas de forza maior (condicións climatolóxicas ou calquera outra circunstancia desta índole), que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade podendo pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo."

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de Feiras, Mercados, Educación, Deportes, Infancia e Mocidade, Paula Vigo Lamas.

